

# Dereitos e liberdades na Galiza

## RESUMO DE NOTÍCIAS

### 2º trimestre 2014

---



05/04/2014

ALGUM DELES MENOR DE IDADE

#### **Acusan de atentado estudantes que participaron en Vigo na folga do 20F**

A Subdelegación do goberno de Pontevedra atribúelles delitos de "desordes públicas, atentando, danos e lesións" a pesar de as identificacións teren sido feitas "unha hora despois" do remate da manifestación. Axentes non uniformados abordaron membros dun grupo de estudantes cando voltaban a casa, sen xustificación algunha, afirma A.L.P.

<http://esculca.net/web/node/4118#.U7ptxbFNEcs>



07/04/2014

CONVOCABA A MANIFESTACIÓN O 14 DE ABRIL

#### **Vitrasa retira anuncio da Asemblea Republicana de Vigo**

O 26 de marzo as pantallas dos autobuses urbanos de Vigo comezaron a emitir un anuncio da Asemblea Republicana en que se convocaba á manifestación o 14 de abril. Eran 10 segundos con acordos do himno de Riego e unha imaxe fixa con lema Pola República e a data e hora da convocatoria encima dunha bandeira tricolor. Unha semana despois Vitrasa retirou o anuncio.

<http://esculca.net/web/node/4119#.U7ptp7FNEcs>



07/04/2014

POLICIA E SEGURIDADE DO VALLECAS

### **Obrigan siareir@s do Celta a entregar bandeiras nacionalistas**

Até agora o estadio de Vallecas non era un dos recintos (cada vez máis) onde @s seareir@s galeg@s tiñan que renunciar a levar a bandeira nacionalista para accederen ao campo. Mais este sábado "sufriron o secuestro (tamén poderíamos chamalo roubo) das súas estreleiras", relatan afeccionados celtistas que se desprazaron a Madrid para apoiaren a armada celeste contra o 'Rayo'.

<http://esculca.net/web/node/4121#.U7ptirFNEcs>



07/04/2014

ORGANIZA LIGA ESTUDANTIL GALEGA DE PONTEVEDRA

### **Fernando Blanco falará sobre o Proxecto de lei de Seguridade Cidadá**

A Liga Estudiantil Galega organiza unha palestra informativa sobre o "Proxecto de Lei de Seguridade Cidadá". O acto terá lugar a próxima cuarta-feira, 9 de abril, ás 20h no Aula 3.13 da Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais (R/Xeneral Mariategui) de Pontevedra. A palestra correrá a cargo de Fernando Blanco Arce, presidente de EsCULcA.

<http://esculca.net/web/node/4122#.U7ptbbFNEcs>



07/04/2014

YOLANDA FERREIRO: ATRÁS DOS MUROS DAS PRISIÓNS

### **Xornadas sobre retroceso en dereitos, garantías e liberdades legais**

Yolanda Ferreiro Novo, vice-presidenta de EsCULcA, participará a próxima cuarta-feira, día 9 de abril, ás 19:30, nas xornadas organizadas pola Liga Estudiantil Galega na Facultade de Dereito da USC ("O retroceso en materia de dereitos, garantías e liberdades legais"). A conferencia de Ferreiro versará sobre "O que non nos contan que acontece atrás dos muros das prisións".

<http://esculca.net/web/node/4123#.U7ptU7FNEcs>



07/04/2014

PODERÍAN ESTAR RELACIONADAS CON FOLGA ESTUDANTIL

### **4 persoas detidas en Compostela en operación policial**

Até 4 persoas foron detidas esta segunda feira en Compostela segundo informaron diversas fontes a *Sermos Galiza*. A operación policial desenvolveuse en distintos puntos da cidade, nomeadamente pisos de estudantes. Embora descoñecérense as razóns das detencións, estas poderían estar relacionadas coa folga estudantil convocada polas organizacións nacionalistas o 20 de febreiro.

<http://esculca.net/web/node/4124#.U7ptPbFNEcs>



09/04/2014

DÚVIDAS SOBRE AS PROVAS DA POLÍCIA

### **Em liberdade as seis detidas no operativo policial de Compostela**

As seis moças detidas en Compostela o 7 de abril pasado, acusadas de participarem nos incidentes acontecidos o 11 de marzo con motivo da manifestación convocada polos marinheiros do cerco, foron postas en liberdade sem medidas cautelares no día seguinte. Afirmam que as probas em que a policía baseia a sua acusación carecem de fundamento.

<http://esculca.net/web/node/4130#.U7ptGLFNEcs>



16/04/2014

A EMPRESA PODE ENTRAR NA “LISTA SUJA”

### **Justiça considera Zara responsábel por escravidão**

A tentativa da Zara de anular na justiça os autos de infração da fiscalização que, em 2011, resultou na libertação de 15 trabalhadores em condições análogas às de escravos fracassou na primeira instância. O juiz afirma que houve “fraude escancarada” no *outsourcing* e que a subordinação é clara. A empresa foi suspensa do Pacto Nacional pela Erradicação do Trabalho Escravo.

<http://esculca.net/web/node/4140#.U7ps4bFNEcs>



16/04/2014

A DENUNCIA PARTIU DO ALCALDE DE MONDARIZ

### **Xulgan 5 xovens por unha "desluciren" un mural deteriorado**

Esta cuarta feira estaba previsto o xulgamento de cinco militantes da organización xuvenil Galiza Nova en Ponteareas por un suposto delito de "falta de deslucimento" en relación cun mural realizado co gallo da folga estudantil do pasado 20 de febreiro. A denuncia fora presentada "por orde do alcalde" de Mondariz, Julio Alén, quen mesmo mandou a Garda Civil para @s identificar.

<http://esculca.net/web/node/4146#.U7pswbFNEcs>



19/04/2014

CORRUPTA CONFUSIÓN DO PÚBLICO E O RELIXIOSO

### **Procesións, Pokemon, erario e Concello da Coruña**

O Concello recorreu ao grupo Vendex, epicentro da presumibel trama de corrupción investigada na operación Pokemon, para conseguir costaleros que carregasen cos pasos máis pesados da Semana Santa coruñesa en 2013. Sermasa, filial do grupo, cobrou 28.664,85 euros do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) por "persoal de servizo" para as procesións do ano pasado.

<http://esculca.net/web/node/4147#.U7psnrFNEcs>



20/04/2014

EN BUSCA DE COMIDA

### **Policía da Coruña denuncia sete persoas por revolveren nos lixo**

Segundo diversas informacións, en só dous días a policía municipal da Coruña -e non é a primeira vez- denunciou sete persoas por rebuscaren nos caixotes de lixo, probablemente na busca de comida. A normativa local do goberno de Carlos Negreira prevé multas de 100 euros por revolver o lixo, segundo o concello porque "deixa sucia a contorna".

<http://esculca.net/web/node/4148#.U7pshbFNEcs>



22/04/2014

VINCULA A DETENCIÓN AOS SEUS LITIXIOS CO ALCALDE

### **Veciña do Porriño denuncia detención ilegal con lesións**

Á.D., que no seu día presentou varias denuncias contra o alcalde de Porriño, Nelson Santos, e conseguiu que fose imputado, presentou unha denuncia por suposta detención ilegal, que afecta tres axentes da Garda Civil. Segundo a denunciante, os axentes compareceron na vivenda onde se encontraba en Vigo para proceder á súa detención e negáronse a explicar os motivos.

<http://esculca.net/web/node/4156#.U7psaLFNEcs>



30/04/2014

DENUNCIARA AGRESIÓN SEXUAL E FORA EXPULSADA

### **Arquivado procedemento por simulación de delito contra cidadá rusa**

O 11 de abril, o Xulgado de Instrución núm. 5 de Ourense ditou auto declarando o arquivo, por falta de probas, do procedemento aberto á cidadá rusa V.R. por suposta simulación de delito. V.R. denunciara ter sido vítima de agresión sexual, a súa denuncia nunca foi investigada a pesar de ir acompañada de parte de lesións e en contrapartida ela recibiu orde de expulsión.

<http://esculca.net/web/node/4169#.U7psMbFNEcs>



07/05/2014

PRESUMIVELMENTE FUNCIONÁRIOS PRISIONAIS

### **EsCULcA denuncia revelaçom pública de dados protegidos de presos**

Con data 7 de maio, EsCULcA formulou denuncia perante a Agência Espanhola de Protecçom de Dados em relaçom com um artigo publicado no jornal corunhês La Voz de Galicia o pasado 14 de abril. No texto ("Los más peligrosos de Teixeira") eram revelados dados persoais de presos internos no C.P. de Teixeira, fornecidos alguns, segundo o jornal, por funcionários do próprio penal.

<http://esculca.net/web/node/4182#.U7pr-bFNEcs>



07/05/2014

SEGUNDA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

### **A Cámara Galega esixe a Israel respecto polos dereitos do pobo palestino**

Por segundo ano consecutivo reclama á comunidade internacional que “esixa” a Israel o “cumprimento das resolucións das Nacións Unidas”, o “respecto absoluto dos dereitos humanos” e os “dereitos colectivos” do pobo palestino. Faino nunha declaración institucional aprobada con motivo do aniversario da creación do estado de Israel o 15 de maio de 1948.

<http://esculca.net/web/node/4183#.U7pr3bFNEcs>



13/05/2014

AFIRMA O EMBAIXADOR EN MADRID

### **O Parlamento Galego cos peores e máis extremistas inimigos de Israel**

O Parlamento de Galiza únese aos peores e máis extremistas inimigos de Israel, afirma o embaixador en Madrid, Alon Bar, en escrito dirixido á Pilar Rojo. O diplomático sionista mostra a súa sorpresa e indignación pola declaración institucional que o pasado día 6 aprobou a cámara galega, un xestos que a sitúa "fóra do consenso da Unión Europea", afirma.

<http://esculca.net/web/node/4200#.U7prmbFNEcs>



19/05/2014

ESFULCA COMPARECERÁ COMO ACUSACIÓN POPULAR

### **Familiares denuncian responsábeis do C.P. da Lama por morte de preso**

Entre o día 2 e 3 de maio un preso morría na cela de isolamento do centro penitenciario da Lama. Con 48 anos, E.G. fora castigado ao lle atopar a dirección do cárcere a carta do avogado dun colectivo de defensa dos dereitos das persoas presas. O irmá busca saber as causas da morte de E.G., acusa o centro de negligencia e quere xustiza cos responsábeis da morte.

<http://esculca.net/web/node/4206#.U7prUrFNEcs>



19/05/2014

XEFATURA TERRITORIAL DA XUNTA EN PONTEVEDRA

### **Expediente sancionador a profesora por non participar en acto relixioso**

Con data 31 de marzo, César A. Pérez Ares, Xefe Territorial da Xunta de Galiza en Pontevedra, notificou a K.M.E., profesora do Centro Rural Agrupado da Picaraña a apertura de Trámite de Audiencia pola suposta comisión dunha falta leve. A profesora negárase a participar no Festival de Nadal de 2013 por considerar a actividade contraria ao principio de aconfesionalidade.

<http://esulca.net/web/node/4207#.U7prOLFNEcs>



19/05/2014

NA REVISTA DIXITAL HAZTEOIR.ORG

### **Corporación municipal acusada de “laicismo insuportábel”**

En 2013 o Concello de San Sadurniño doou á Diocese de Mondoñedo-Ferrol bens de carácter relixioso que permanecían na capela do antigo colexio de Cristo Rei antes de acondicionar o espazo para os novos usos civís. Tamén doou, a petición do propio bispado, a figura do Sagrado Corazón de Xesús ubicada até o momento nos xardíns públicos que antes foran do colexio.

<http://esulca.net/web/node/4208#.U7prDbFNEcs>



24/05/2014

POR NEGARSE A PARTICIPAR EN ACTIVIDADES CONFESIONAIS

### **Reclaman anulación expediente a profesora**

O Xefe Territorial da Xunta de Galiza de Pontevedra négase a asumir as demandas dunha interpelación de CIG-Ensino e unha resolución da Xunta de Persoal Docente aprobada por unanimidade a instancias do sindicato que reclaman a anulación do expediente aberto a K.M.E. a raíz da súa negativa a participar nunha actividade escolar de contido relixioso.

<http://esulca.net/web/node/4217#.U7pqtLFNEcs>



29/05/2014

TAMÉN AMEAZARA MANIFESTANTE

### **Arquivado caso de axente que se negou a identificarse**

Os feitos aconteceron o 26 de febreiro de 2013 nas protestas que tiveron lugar diante da Cámara galega, cando un policía identificou e ameazou con sancionar unha moza que lle pediu o número de placa. A pesar de haber vídeo, denuncia e testemuñas, a Unidade de Réxime Disciplinario da División de Persoal da Dirección Xeral da Policía arquivou a investigación aberta.

<http://esculca.net/web/node/4230#.U7pgeLFNEcs>



30/05/2014

PREVISTO NUNHA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DO ENTE

### **O TSXG declarada ilegal control do correo privado do persoal da CRTVG**

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) vén de invalidar os cinco artigos máis polémicos da resolución ditada pola dirección da CRTVG o pasado 10 de xaneiro, nos que establecía a posibilidade de monitorizar as comunicacións electrónicas de todo o persoal da compañía, comezando pola vixilancia das súas contas de correo electrónico e o uso que facían de Internet.

<http://esculca.net/web/node/4232#.U7pqX7FNEcs>



31/05/2014

RELATORIO ANUAL DA CPDT

### **Galiza: 26 persoas afectadas por abusos policiais denunciados en 2013**

No Relatorio referido a 2013 que a *Coordinadora para a Prevención e Denuncia da Tortura* presentou o pasado 30 de Maio, Galiza, cun total de 19 situacións de abusos policiais denunciados e 26 persoas afectadas, ocupa un desonhoso quinto lugar na tabela estatal, aínda que desce até o sétimo lugar se se introduce na análise a variante populacional.

<http://esculca.net/web/node/4236#.U7pqOrFNEcs>





01/06/2014

NO PÁTIO DO CENTRO EM HORÁRIO DE LAZER

### **Aluno do I.E.S. Breamo pode ser sancionado por acto reivindicativo**

C.M., aluno do I.E.S. Breamo de Ponte d'Eume recebeu o passado dia 27 notificação de abertura de expediente sancionador por umha suposta falta de desobediência à autoridade. C.M. participara num acto reivindicativo no pátio durante o recreio. A denúncia partiu de Galicia Bilingüe e foi tramitada polo Xefe Territorial de Educación em Ferrol, vizinho da vila.

<http://esculca.net/web/node/4237#.U7pqIbFNEcs>



02/06/2014

REFORMA DA LEI DE XUSTIZA UNIVERSAL

### **A AN deberá resolver sobre a investigación da morte de José Couso**

O pleno da AN decidirá a vindeira sexta-feira se o xuíz Santiago Pedraz debe continuar investigando a morte do cámara galego José Couso no Iraque en 2003 ou o caso debe ser remitido á Sala. A decisión é de transcendencia porque determinará se sobre a reforma da lei de xustiza universal prevalece o convenio de Xenebra como tratado internacional de obrigado cumprimento.

<http://esculca.net/web/node/4239#.U7pqBrFNEcs>



03/06/2014

NO CASO DO PRESO GALEGO EN LEÓN J.A.V.P.

### **A Defensoría del Pueblo comunica a EsCULca abertura de dilixencias**

Con data 27/05/2014 Concepción Ferrer i Casals, adxunta segunda da *Defensora del Pueblo*, [comunicou a EsCULca](#) a abertura de dilixencias para arrecadar información sobre o incumprimento do C.P. de Mansilla de las Mulas (do auto do Xulgado de Vixilancia referida á situación J.A.V.P., preso galego interno no penal, e as penosas condicións de vida na enfermaria).

<http://esculca.net/web/node/4244#.U7pp3LFNEcs>



04/06/2014

RECLAMABAN O FIN DA MONARQUÍA ESPAÑOLA

### **A Delegación de Goberno dá orde de identificar activistas en Cee**

A Costa da Morte é até agora o único caso coñecido en toda a xeografía galega onde a Delegación do Goberno deu orde de identificar as persoas que se concentraron o pasado 2 de maio para reclamar o fin da monarquía española. Unha decisión que resulta máis estraña se se ten en conta o carácter silencioso e tranquilo do acto e a curiosa actuación da Garda Civil.

<http://esculca.net/web/node/4245#.U7ppwrFNEcs>



05/06/2014

INSTANCIAS EDUCATIVAS E VALEDOR DO POBO

### **EsCULcA presenta queixas por abertura de expediente a alumno**

EsCULcA rexistrou hoxe, 5 de maio, queixas dirixidas á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, ao Servizo Territorial de Inspección Educativa, ao Director do IES Breamo de Pontedeume e ao Valedor do Pobo en relación ao expediente sancionador aberto ao alumno C.M. por un acto reivindicativo no patio do centro escolar.

<http://esculca.net/web/node/4250#.U7ppfrFNEcs>



06/06/2014

ORGANIZA AGAME

### **Xornadas en Ferrol contra o maltrato á infancia e adolescencia**

Na tarde do 6 de xuño e na mañá do día 7 terán lugar no Ateneo de Ferrol as // *Xornadas sobre o maltrato á infancia e adolescencia* que organiza a Asociación Galega contra o Maltrato a Menores (AGAME) . Nesta ocasión as intervencións versarán sobre “Pobreza e violencia estrutural” e participarán activistas de dereitos e profesionais da psicoloxía, o dereito, a medicina, etc.

<http://esculca.net/web/node/4253#.U7ppX7FNEcs>



06/06/2014

... E COMO AS RECORRER

### **Sobre imposición de multas gubernativas por participar en protestas**

A Asociación Veciñal das Atochas-Monte Alto da Coruña organiza un obradoiro (Recorre a túa propia multa) sobre a política de imposición de sancións gubernativas e o procedemento para as recorrer, por participación en actos reivindicativos. No obradoiro falará David Soto, investigador e membro da directiva do centro. Os traballos comezarán ás 11:00 horas.

<http://esculca.net/web/node/4254#.U7ppPLFNEcs>



09/06/2014

CASE 600 EURO POR MULTA

### **O estado prevé arrecadar 28.000 € por multas a manifestantes na Galiza**

Case 28.000 euros prevé ingresar o estado por multas impostas polas forzas de seguridade en manifestacións celebradas en Galiza durante o ano 2013, responde o goberno aos deputados Antonio Trevín e Guillermo Meijón. As sancións están vinculadas á vixente lei de seguridade cidadá "en relación co exercicio do dereito de reunión e manifestación".

<http://esculca.net/web/node/4260#.U7ppD7FNEcs>



11/06/2014

E DO DIREITO Á LIBERDADE DE CONCIENCIA

### **Queixa ao Valedor por violación do principio de neutralidade relixiosa**

Fernando Blanco Arce, presidente de EsCULcA, presentou o pasado 7 de xuño en nome e representación do Observatorio queixa perante o Valedor do Pobo en relación co caso de K.M.E., profesora do CRA A Picaraña apercebida por negarse a participar en actividades de contido relixioso.

<http://esculca.net/web/node/4262#.U7po67FNEcs>



12/06/2014

EN DEFENSA DE COTA PESQUEIRA XUSTA

### **Mariñeiros do cerco multados polas mobilizacións de marzo en Vigo**

Entre 150 e 300,51 euros por unha falta calificada como "grave" sería o importe das sancións que pretende impor a Subdelegación do goberno español aos mariñeiros e armadores do cerco que participaron na manifestación do 6 de marzo en Vigo en defensa dun reparto xusto das cotas pesqueiras deseñadas por Bruxelas, gravemente lesivas para a frota galega.

<http://escolca.net/web/node/4264#.U7povbFNEcs>



12/06/2014

ENTRE 750 E 800 EUROS

### **Multas a activistas en defensa dos ríos Sarria e Celeiro**

A Plataforma sarriana polo río informa que a Subdelegación do Goberno español iniciou 9 expedientes sancionadores contra integrantes do colectivo após a denuncia presentada por axentes da Garda Civil que acusa a plataforma e os seus membros de "desordes públicas graves" por tomaren parte activa nun protesto contra as obras de encanamento dos ríos Sarria e Celeiro.

<http://escolca.net/web/node/4265#.U7pooLFNEcs>



13/06/2014

87,6% VOTA NON EN REFERENDO

### **Pais e nais de Teo contra valor académico da materia de relixión**

Máis de 800 pais e nais dos centros educativos públicos do municipio de Teo participaron nun referendo sobre o valor académico da materia de relixión. 690 (87,6%) rexeitouno, así como que a nota conte para o cálculo das bolsas ou o acceso á educación superior. Por outra banda, un 65% considera que non debería compartir horario lectivo con outras materias de coñecemento xeral.

<http://escolca.net/web/node/4267#.U7podrFNEcs>



15/06/2014

DENUNCIA PLATAFORMA CONTRA ESTAFA DAS PREFERENTES

### **Aumento da represión a partir de asinatura de memorando do coa UE**

A *Cordinadora Galega de Plataformas de Afectados por Preferentes e Subordinadas* organiza unha manifestación en Tui para condenar a represión que están a sufrir as vítimas desta estafa . Denuncian que o goberno trata de amendrentar o colectivo mediante a imposición de sancións arbitrarias e inxustas e presionar para que cesen nas súas protestas, sempre pacíficas.

<http://esculca.net/web/node/4270#.U7poTbFNEcs>



18/06/2014

E RECLAMAN INVESTIGACIÓN

### **Denuncian falsas sinaturas policiais en sancións contra sindicalistas**

O secretario comarcal da CIG-Pontevedra, Marcos Conde, presentou unha denuncia demandando que a Fiscalía investigue a "falsificación de sinaturas" policiais no decorrer administrativo de sancións impostas contra sindicalistas. As acusacións parten dun informe caligráfico solicitado pola propia CIG e ao abeiro daocal xa foi anulada unha sanción administrativa.

<http://esculca.net/web/node/4274#.U7pn-LFNEcs>



27/06/2014

DIANTE DO XULGADO DE VIGO

### **Impiden concentración de preferentistas en apoio a compañeiro xulgado**

Os preferentistas do Val Miñor, Baixo Miño e comarca de Vigo non poderá apoiar un dos seus compañeiros, o portavoz da plataforma de afectados por preferentes do Baixo Miño, Xulio Vicente, que este venres é xulgado en Vigo. Unha vez máis, a Subdelegación do Goberno en Pontevedra negou a este coletivo o dereito constitucional de protesta democrática e pacífica.

[http://esculca.net/web/node/4291#.U7pnJ\\_mSzhc](http://esculca.net/web/node/4291#.U7pnJ_mSzhc)



30/06/2014

DENUNCIARAN BRUTAL ACTUACIÓN POLICIAL

### **20.550 euros en sancións a activistas da Plataforma sarriana polo río**

A Subdelegación do goberno mantén abertos 35 expedientes contra activistas que se opuxeron ao inicio das obras de encanamento do río Saria os días 25 e 26 de marzo. Aínda que o propio subdelegado afirmara na altura que o despexo se producira "sen incidentes" e a Plataforma denunciara a actuación das forzas policiais, as multas serán para quen defendeu o río pacíficamente.

<http://esculca.net/web/node/4297#.U7pm9fmSzhc>

---

**Galiza, Xullo de 2014**